



BASES DO CONCURSO NACIONAL DE CURTAMETRAXES “REDONDELA EN CURTO 2018”

O Festival componse das seguintes seccións :

DÚAS COMPETITIVAS:

A) SECCIÓN OFICIAL

A ela concorren as 16 curtametraxes seleccionados pola Comisión avaliadora

B) SECCIÓN “ANDAINA”

Mostra de traballos con temática relacionada con necesidades especiais

DÚAS NON COMPETITIVAS

C) SECCIÓN "CURTÍSIMAS"

Nela exhibese unha selección das mellores curtametraxes recibidas cunha duración máxima de 3 minutos.

D) SECCIÓN "GALEGOS"

Panorámica seleccionada das novidades da curtametraxe galega.

1. A XIII edición do Festival nacional de curtametraxes “**Redondela en Curto**” celebrarase os días 26,27,28 e 29 de abril de 2018.

2. A participación no festival está aberta a todos os realizadores/as maiores de idade e de nacionalidade española.

3. A duración máxima das obras presentadas non superará os 30 minutos.

4 Aceptaranse unicamente os xéneros de ficción, quedando excluídas as obras de carácter institucional, turístico, documental ou publicitario.

5. As curtametraxes enviaranse ao festival en formato dixital a través das plataformas: movibeta.com festhome.com uptofest.com o clickforfestivals.com

6. Admitirase como máximo unha obra por autor. Esta deberá ter sido xerada con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2016



7. As obras deberán entregarse en versión orixinal . As que non foran rodadas en galego ou castelán, deberán ser subtituladas en calquera destas dúas linguas.
8. Os nomes indicados na ficha deberán coincidir cos que aparecen nos títulos de crédito das obras.
9. Unha comisión designada pola organización do Festival será a encargada de seleccionar os traballos que pasarán a concurso na Sección Oficial e na Sección Andaina, de entre todas as curtametraxes recibidas; atendendo a criterios de calidade e ao cumprimento destas normas. A comisión escollerá tamén as curtametraxes que serán exhibidas nas outras seccións non competitivas do Festival, sendo a súa decisión inapelable.
10. O Festival concederá tres premios que serán entregados na gala de clausura do Festival :
Premio do Xurado : Un xurado proposto polo Festival outorgará este premio dotado con 1.500 € e estatuíña .
Premio do público : Concedido polas votacións do público asistente e dotado con 1.000 € e estatuíña .
Premio Andaina : Concedido polas votacións do público asistente á sección Andaina e dotado con 500 €
11. A Organización del Festival reserva o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, sexitas, racista ou vulnere algún dereito fundamental das persoas.
12. Os autores das obras cederán ao Festival, durante a celebración do mesmo, os dereitos de explotación destas, consistentes na reprodución, comunicación e distribución pública das mesmas, os cales se exercitarán sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto manifestacións en contra.
13. Os concursantes responsabilízanse de que non existan dereito a terceiros polo uso das pezas musicais nas obras presentadas e tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido. No caso de que se empregue unha pista de son con material propiedade dunha compañía discográfica sen o seu permiso, non se aceptará a película a concurso.
14. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases no caso preciso.
15. Os participantes deberán aceptar o tratamento das bases.



1. As películas a concurso enviaranse exclusivamente a través das seguintes plataformas: movibeta.com, festhome.com, uptofest.com e clickforfestivals.com
2. Os participantes farán chegar as copias antes do 16 de febreiro do 2018 ás plataformas dixitais mencionadas anteriormente incluíndo a seguinte información:
 - 3 fotografías en formato dixital
 - Copia do D.N.I en formato dixital da persoa representante da película
3. Agradecerase toda documentación adicional da película
4. Toda a documentación requirida, pasará a formar parte do material da organización
5. Os gastos derivados do envío dixital correrán por conta dos participantes
6. O cumprimento dos requisitos de inscrición é condición obrigada para a participación no concurso. Calquera deficiencia, dato incompleto, ou documentación non enviada supoñerá a non participación no concurso
7. Non se admiten envíos postais

DATOS DE CONTACTO CO FESTIVAL

e-mail: redondelaencurto@gmail.com páxina web: www.redondelaencurto.com

Dirección do evento: Multiusos da Xunqueira. Paseo da Xunqueira s/n 36800 Redondela (PO)